

Código do documento	Código do expediente
USG13I011Z	USG/2019/177
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 0400 4A1E 361R 566V 0xWQ	

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 25 DE SETEMBRO DE 2019.

PRESIDENTA:

A alcaldesa en funcións, D^a. María Guadalupe Pombo Carril

ASISTENTES:

D. Diego A. Taibo Monelos
D.^a Marta M^a Figueroa Fuentes
D. Juan Carlos Iglesias Lovelle
D.^a Marta M^a Iglesias Becerra
D. Carlos Liñares Gestal
D.^a Yessica Méndez Sánchez

INTERVENTORA MUNICIPAL:

D.^a VANESA GARCÍA BARREIRO

SECRETARIA XERAL:

D.^a Pilar M^a Pastor Novo

Na Casa Consistorial do Concello de Culleredo (A Coruña), sendo as trece horas e trinta e sete minutos do día vinte e cinco de setembro do ano dous mil dezanove, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa en funcións D^a. María Guadalupe Pombo Carril (resolución da alcaldía de data vinte e cinco de setembro do ano dous mil dezanove) e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as D. Diego Antonio Taibo Monelos, D.^a Marta M^a Figueroa Fuentes, D. Juan Carlos Iglesias Lovelle, D.^a Marta M^a Iglesias Becerra, D. Carlos Liñares Gestal e D.^a Yessica Méndez Sánchez.

Asiste á sesión a Sra. Interventora municipal, D.^a. Vanesa García Barreiro.

Actúa como secretaria a Sra. secretaria xeral, D.^a Pilar M^a Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 107 do Regulamento Orgánico Municipal (BOP núm. 162 do 16-07-2004) para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

C.I.F. P-1503100-H

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA O DÍA 16 DE SETEMBRO DE 2019.

De conformidade co preceptuado no artigo 79.1 e 107.4 do ROM, (BOP núm. 162 do 16-07-2004) a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día dezaseis de setembro de dous mil dezanove, da que se entregou copia do borrador coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade dos concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada o día 16 de setembro de 2019.

2.- DACIÓNS DE CONTA.

2.1.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS. PUBLICACIÓNS OFICIAIS.

A Presidencia dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

- Extracto da Resolución de 5 de setembro de 2019 do Ministerio para a transición ecolóxica -Secretaría de Estado da enerxía- pola que se publica a Resolución do Consello de Administración da E.P.E. Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE) M.P., pola que se establece a Convocatoria de axudas a Proxectos singulares en materia de mobilidade sostible (Programa MOVES Proxectos Singulares). BOE núm. 228 do 23-09-2019.
- Real decreto 551/2019, de 24 de setembro, da Xefatura do Estado, de disolución do Congreso dos Deputados e do Senado e de convocatoria de eleccións. BOE núm. 230 do 24-09-2019.

Código do documento	Código do expediente
USG13I011Z	USG/2019/177
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 0400 4A1E 361R 566V 0XWQ	

C.I.F. P-1503100-H

- Resolución do 6 de setembro de 2019, de Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, -Secretaría Xeral da Igualdade- pola que se procede á segunda convocatoria para o ano 2019, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións destinadas ao fomento da contratación de mulleres que sofren violencia de xénero no ámbito de colaboración coas entidades locais galegas, no marco do Pacto de Estado contra a violencia de xénero (código de procedemento SI461A). DOG núm. 178 do 19-09-2019.
- Extracto da Resolución do 6 de setembro de 2019, de Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, -Secretaría Xeral da Igualdade- pola que se procede á segunda convocatoria para o ano 2019, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións destinadas ao fomento da contratación de mulleres que sofren violencia de xénero no ámbito de colaboración coas entidades locais galegas, no marco do Pacto de Estado contra a violencia de xénero (código de procedemento SI461A). DOG núm. 178 do 19-09-2019.
- Resolución do 13 de setembro de 2019, da Escola Galega de Administración Pública, pola que se convocan cursos na área de incendios forestais da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG núm. 179 do 20-09-2019.
- Orde do 10 de setembro de 2019, da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, pola que se resolve a convocatoria do Plan de mellora de bibliotecas escolares en centros públicos non universitarios de titularidade desta consellería, para o curso 2019/20. DOG núm. 181 do 24-09-2019.
- Anuncio do 13 de setembro de 2019, Consorcio As Mariñas, relativo a aprobación inicial do padrón fiscal da taxa pola recollida de residuos sólidos urbanos correspondente ao terceiro trimestre do ano 2019 que rexerá para o Concello de Culleredo. BOP núm. 179 do 20-09-2019.
- Anuncio do 5 de setembro de 2019, do Concello de Culleredo, -Secretaría Xeral- relativo á delegación na concelleira da Corporación Dona María Guadalupe Pombo Carril da competencia para a celebración do matrimonio civil entre I.R.L e N.M.S.C o día 5/09/2019 ás 12.00 horas. BOP núm. 181 do 24-09-2019.
- Anuncio do 13 de setembro de 2019, do Concello de Culleredo, -Secretaría Xeral- relativo á delegación na concelleira da Corporación Dona María Guadalupe Pombo Carril da competencia para a celebración do matrimonio civil entre J.S.I e D.P.B.C o día 14/09/2019 ás 9.30 horas. BOP núm. 181 do 24-09-2019.
- Anuncio do 13 de setembro de 2019, do Concello de Culleredo, -Secretaría Xeral- relativo á delegación na concelleira da Corporación Dona María Guadalupe Pombo Carril da competencia para a celebración do matrimonio civil entre M.M.V.G e J.A.D.T. o día 14/09/2019 ás 19.30 horas. BOP núm. 181 do 24-09-2019.
- Anuncio do 4 de setembro de 2019, do Concello de Culleredo, -Secretaría Xeral- relativo á delegación das funcións da Alcaldía na primeira tenente de alcalde, María Guadalupe Pombo Carril, o día 2/9/2019 desde as 13.30 ata as 15.00 horas. BOP núm. 181 do 24-09-2019.

2.2.- RESOLUCIÓNS E ACTIVIDADES DA ALCALDÍA E DAS DISTINTAS CONCELLERÍAS DELEGADAS.

2.2.1.- O Sr. Iglesias Lovelle dá conta á Xunta de Goberno Local da realización das seguintes actividades da Concellería delegada de Desenvolvemento Local, Cultura, Festas e Turismo:

“ ACTIVIDADES CULTURAIS

VENRES 27 DE SETEMBRO

Biblioteca Cardeso Liñares de Vilaboia. 18.30 h:

Contacontos *Lobo bobo*, a cargo de Elefante elegante.

Nenos/as a partir de 4 anos. Entrada libre.

VENRES 27 DE SETEMBRO

Auditorio do Edificio de Servizos Múltiples do Burgo. 20.30 h:

Deste xeito Producións: *Lolo e mama*.

Entrada de balde. Recollida de invitacións dende unha hora antes da función.”

2.2.2.- A Sra. Pombo Carril dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións da Concellería delegada de Política Social, Mocidade e Promoción do Deporte.

“

***SERVIZO DE PRESTACIÓNS MUNICIPAIS DE APOIO A AUTONOMÍA E ATENCIÓN Á DEPENDENCIA (PAAD) conforme ao Regulamento das prestacións municipais de apoio á autonomía e asistencia á dependencia (PAAD) publicado no BOP nº 204 de 25 de outubro de 2013.**

Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Intensidade
28/08/19	1327	Denegar o servizo municipal de Teleasistencia domiciliar por exceder a capacidade económica ata dúas veces o IPREM actualmente en vigor.	C. A. C.	
28/08/19	1328	Aceptar o desestímulo da solicitude do servizo municipal de Axuda no fogar e declarar concluído o procedemento.	E. L. C.	
05/09/19	1359	Conceder o servizo municipal de Axuda no fogar.	E. N. P.	Tres horas á semana (agás festivos).

C.I.F. P-1503100-H

****PRESTACIÓNS ECONÓMICAS MUNICIPAIS DE EMERXENCIA E INSERCIÓN SOCIAL (PEEIS) de acordo ao vixente Regulamento de acceso ás prestacións económicas municipais de emerxencia para a inserción social (PEEIS) publicado no BOP nº 242 de 20 de decembro de 2013**

Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Obxecto da axuda	Importe
05/08/19	1181	Conceder unha axuda económica.	M.T.CH.	Pago de hipoteca correspondente aos meses de marzo 2019 (275€), abril e maio 2019 400€/mes, que lle será aboada mediante talón bancario nominativo.	1.075,00 €
05/08/19	1182	Conceder unha axuda económica.	T.L.F.S.	Pago dos recibos de agua, correspondente ao 4º trimestre de 2018, 1º, 2º e 3º trimestre de 2019,	

Código do documento	Código do expediente
USG13I011Z	USG/2019/177
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 0400 4A1E 361R 566V 0XWQ	

C.I.F. P-1503100-H

				<p>que lle será aboada mediante talón bancario nominativo.</p> <p>Pago de recibos de gas correspondentes aos meses de novembro de 2018 a outubro de 2019, que lle será aboada mediante talón bancario nominativo.</p> <p>Pago dos recibo de electricidade correspondentes aos meses de novembro de 2018 a outubro de 2019, que lle será aboada mediante talón bancario nominativo.</p> <p>Conceder o Bono de alimentos tipo A, durante catro meses e cunha entrega mensual.</p>	
05/08/19	1184	Conceder unha axuda económica.	F.J.M.C.	Pago de hipoteca correspondente aos meses de maio a outubro (176 €/mes), que lle será aboada mediante talón bancario nominativo.	1.056,00 €
05/08/19	1185	Conceder unha axuda económica	M.T.F.F.	Pago do alugueiro correspondente aos meses de marzo de 2019 70 €, e de abril a xuño de 2019 335 €/mes, que lle será aboada mediante talón bancario nominativo.	1.075,00 €
05/08/19	1186	Conceder unha axuda económica.	G.C.M.	Pago de alugueiro correspondente aos meses de abril 2019 275 €, e maio e xuño de 2019 400 €/mes, que lle será aboada mediante talón bancario nominativo.	1075,00 €
07/08/19	1200	Conceder unha axuda económica	B.B.S.	<p>Pago de alugueiro correspondente aos meses de febreiro a outubro 75 €/mes, que lle será aboada mediante talón bancario nominativo.</p> <p>Recibo de electricidade</p>	<p>675,00 €</p> <p>186,94€</p>

C.I.F. P-1503100-H

				<p>correspondente ao período do 07/04/2019 ao 07/07/2019, que lle será aboada mediante talón bancario nominativo.</p> <p>Recibo de electricidade correspondente ao período do mes de xullo de 2019, que lle será aboada mediante talón bancario nominativo.</p> <p>Pago do recibo de auga, correspondente ao 2º trimestre de 2019, que lle será aboada mediante talón bancario nominativo.</p> <p>Pago do recibo de auga, correspondente ao 3º trimestre de 2019, que lle será aboada mediante talón bancario nominativo.</p>	86,06 €
07/08/19	1201	Conceder unha axuda económica.	A.C.P.S.	Pagamento de alugueiro, correspondente aos meses de abril 2019 175 € e de maio a xullo 2019 300€/mes, que lle será aboada mediante talón bancario nominativo.	1.075,00 €
07/08/19	1202	Conceder unha axuda económica.	M.L.M.C.	Pago de alugueiro correspondente aos meses de maio a xullo de 2019, por importe de 340 €/mes., que lle será aboada mediante talón bancario nominativo.	1.020,00 €
07/08/19	1203	Conceder unha axuda económica	A.M.A.B.	Pago de aluguer, correspondente a marzo 2019 e de abril a xullo 2019 240 €/mes, que lle será aboada mediante talón bancario nominativo.	1.075,00 €
07/08/19	1204	Conceder unha axuda económica.	M.C.M. G.	Pago de hipoteca correspondente aos meses de maio 2019 343 € e xuño e xullo 2019 366 €/mes que lle será aboada mediante talón bancario nominativo.	1.075,00 €
07/08/19	1205	Conceder unha axuda	L.S.G.L.	Pago de alugueiro	1.075,00 €

C.I.F. P-1503100-H

		económica		correspondente aos meses de febreiro 2019 75 € e de marzo a xuño de 2019 250 €/mes, que lle será aboada mediante talón bancario nominativo.	
12/08/19	1241	Deixar sen efecto a resolución 614/2019.	M. V.A.C.	Deixar sen efecto a resolución 614/2019 para o pago do recibo de luz correspondente ao período do 08 de outubro de 2018 a 31 de outubro de 2018.	
14/08/19	1263	Conceder unha axuda económica.	C.R.H.P	Pago do alugueiro, correspondente aos meses de maio 2019 (315 €), xuño e xullo de 2019 380 €/mes, que lle será aboada mediante talón bancario nominativo.	1.075,00 €
14/08/19	1264	Conceder unha axuda económica.	J.A.D.D.	Pago do alugueiro, correspondente aos meses de maio 2019 85 €/mes e de xuño a agosto de 2019 330€/mes, que lle será aboada mediante talón bancario nominativo.	1.075,00 €
14/08/19	1265	Conceder unha axuda económica.	S.G.F.	<p>Pago de recibo de auga, correspondente ao 2º trimestre de 2019 que lle será aboada mediante folla de pedido de proveedor.</p> <p>Pago de recibo de auga correspondente ao 3º trimestre do 2019 que lle será aboada mediante folla de pedido ao proveedor.</p> <p>Pago de recibo de electricidade, correspondente aos recibos de maio de 2019 22,84 € e do 03/06/2019 ao 03/07/2019 15,06 € que lle será aboada mediante talón bancario nominativo.</p> <p>Pago de recibo de electricidade,</p>	<p>56,95 €</p> <p>37,90 €</p>

Código do documento	Código do expediente
USG13I011Z	USG/2019/177
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 0400 4A1E 361R 566V 0XWQ	

				<p>correspondente aos recibos de xullo a novembro de 2019, que lle será aboada mediante talón bancario nominativo.</p> <p>Pago de recibo de gas, correspondente aos recibos de xuño a outubro de 2019, que lle será aboada mediante talón bancario nominativo.</p> <p>Bono de alimentos tipo A durante cinco meses e cunha entrega mensual.</p>
--	--	--	--	---

***TARXETA ESTACIONAMENTO conforme ao Real Decreto de 12 de decembro de 2014 polo que se regulan as condicións básicas de emisión y uso de de la tarjeta de estacionamiento para personas con discapacidad (BOE nº 309 de 23 de decembre de 2014)**

Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Vixencia
24/07/19	1123	Conceder a tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade.	M.A.D.P.	10 ANOS
29/07/19	1142	Conceder a renovación da tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade.	M.P.M.R.	10 ANOS

C.I.F. P-1503100-H

2.2.3.- O Sr. Taibo Monelos dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións e comunicacións previas da área de Urbanismo:

“RESOLUCIÓNS DO 05.09.2019.

Resolución núm 1363.- Concedendo a A Empresa Municipal de Aguas de La Coruña, SA (EMALCSA) unha prórroga de 3 anos para rematar as obras de construción dun depósito de cabeceira e conexións xerais na rede de abastecemento da Coruña, a realizar nunha parcela situada na rúa dos Pereiros da parroquia de Almeiras, para as que se lles concedeu licenza municipal por Resolución do 21.12.2015. O prazo de 3 anos conta a partir do día seguinte á notificación da presente Resolución. (exp. UAU/2013/74).

Resolución núm 1364.- Primeiro.- Ordenando a paralización inmediata das obras de construción dun muro de bloque de 13 m/l e 1 m/a na rúa Pomares número 4 da parroquia de Rutis, sen o título habilitante exixible, adoptándose no caso de desobediencia as medidas necesarias para garantir a súa total interrupción. A estes efectos ordénase a retirada dos materiais preparados para ser utilizados na obra e a maquinaria afecta a ela, procedéndose no caso contrario ao seu precinto polo Concello sen prexuízo da adopción doutras medidas de acordo co disposto na lei citada anteriormente.

Código do documento	Código do expediente
USG13I011Z	USG/2019/177
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
0400 4A1E 361R 566V 0xWQ	

Segundo.- Incoando un expediente de reposición da legalidade derivado da execución das obras de construción dun muro de bloque de 13 m/l e 1 m/a na rúa Pomares número 4 da parroquia de Rutis, sen o título habilitante exixible.

Terceiro.- Dando audiencia no expediente ao interesado que disporá dun prazo de 15 días hábiles, que contan desde o seguinte ao que reciba a notificación da presente Resolución, para que formule as alegacións e achegue os documentos e as xustificacións que considere pertinentes.

Cuarto.- Comunicando ao interesado que o procedemento que se incoa se deberá resolver no prazo dun ano que conta dende a data da súa incoación, segundo o que dispón o artigo 21.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e que unha vez que transcorra ese prazo sen resolver se producirá a caducidade do procedemento, segundo o que dispón o artigo 152.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia e o artigo 25.1 da Lei 39/2015. (exp. UAU/2019/549).

Resolución núm 1365.- Primeiro.- Ordenando a paralización inmediata das obras de peche de parcela con postes e malla plástica, que se están a realizar nas parcelas coas referencias catastrais 15031A011003170000OT e 15031A011003160000OL (situadas na rúa Fraga da parroquia de Rutis), sen o título habilitante exixible, adoptándose no caso de desobediencia as medidas necesarias para garantir a súa total interrupción. A estes efectos ordénase a retirada dos materiais preparados para ser utilizados na obra e a maquinaria afecta a ela, procedéndose no caso contrario ao seu precinto polo Concello sen prexuízo da adopción doutras medidas de acordo co disposto na lei citada anteriormente.

Segundo.- Incoando un expediente de reposición da legalidade derivado da execución das obras de peche de parcela con postes e malla plástica, que se están a realizar nas parcelas coas referencias catastrais 15031A011003170000OT e 15031A011003160000OL (situadas na rúa Fraga da parroquia de Rutis), sen o título habilitante exixible.

Terceiro.- Dando audiencia no expediente ao interesado que disporá dun prazo de 15 días hábiles, que contan desde o seguinte ao que reciba a notificación da presente Resolución, para que formule as alegacións e achegue os documentos e as xustificacións que considere pertinentes.

Cuarto.- Comunicando ao interesado que o procedemento que se incoa se deberá resolver no prazo dun ano que conta dende a data da súa incoación, segundo o que dispón o artigo 21.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e que unha vez que transcorra ese prazo sen resolver se producirá a caducidade do procedemento, segundo o que dispón o artigo 152.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia e o artigo 25.1 da Lei 39/2015.(exp. UAU/2019/491).

Resolución núm 1394.- Concedendo a H.G.D e J.V.G., concedendo, autorización para a nova licenza municipal de obras para o modificado, recollido no proxecto denominado "Memoria da Revisión 1 do proxecto Básico" redactado polo arquitecto D. A.I.G.G., e na que inclúe a dotación dun ascensor, creación de nova planta soto, ampliación de planta semi-soto, planta baixa e planta primeira, novo muro de contención de terras, supresión de muros de peche do patio e supresión da instalación da enerxía solar térmica (exp. UAU/2011/471).

Resolución núm. 1395.- Comunicando non ser posible expedir o informe que solicitou E.M.L.P., de non incoación expediente reposición da legalidade urbanística (exp. UAU/2019/555).

Resolución núm. 1396.- Primeiro.- Incoar o oportuno procedemento para a declaración, no seu caso, da ineficacia da comunicación previa de inicio da actividade de outros servizos de alimentación propios de restauración no lugar de Liñares rúa San Fernando número 10, que presentou Servicios de Catering del Temple S.L. en data 2 de maio do 2019, segundo o que dispón o artigo 18 do Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos.

Segundo.- Dar audiencia á interesada por un prazo de 10 días, que contan desde o seguinte a aquel no que reciba a notificación da presente resolución, a fin de que poida consultar o expediente, formular as alegacións e aportar os documentos e as xustificacións que considere convenientes na defensa dos seus dereitos e intereses, segundo o

C.I.F. P-1503100-H

Código do documento	Código do expediente
USG13I011Z	USG/2019/177
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
0400 4A1E 361R 566V 0xwQ	

que dispón o artigo 82.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. (exp. UAU/2019/253).

RESOLUCIÓNS DO 13.09.2019

Resolución núm. 1397.- Ordenando a M.J.C.L., a demolición das obras feitas coa reposición do terreo ao seu estado inicial, na parcela situada no lugar de o Vilar, Parroquia de Sueiro (exp. UAU/2018/470).

Resolución núm. 1398.- Estimando parcialmente o recurso de reposición presentado por SERVICIOS CATERING DEL TEMPLE, S.L. deixando sen efecto os actos recorridos polos motivos expostos no informe da Secretaria Xeral transcrito na parte expositiva da presente resolución. (exp. UAU/2019/253).

Resolución núm. 1420.- Concedendo a D.A.M.S., licenza municipal para a legalización dunha vivenda unifamiliar e as obras de adecuación a normativa de habitabilidade, situada na Rúa Regueiro, Parroquia de Rutis, (exp. UAU/2019/259).

Resolución núm. 1421.- Desestimando o recurso de reposición que interpuxo M.N.A. no seu propio dereito e na representación da mercantil Valle de Rumbo, S.,L. contra os acordos que adoptou a Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria que celebrou o 13 de maio de 2019 (exp. UAU/2018/13).

COMUNICACIÓN PREVIA.

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data de 06 de setembro de 2019, a comunicación previa presentada por J.R.L., para o retellado cuberta en vivenda unifamiliar situada no lugar de Rumbo, parroquia de Celas, (exp. UAU/2019/21).

C.I.F. P-1503100-H

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data de 06 de setembro de 2019, a comunicación previa presentada por CANCELAS MARKET, S.L., para pintado e empapelado de paredes, no local 71 C.C. The Style Outlet, Avda. de Alvedro núm. 5, parroquia de Almeiras (exp. UAU/2019/23).

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data de 17 de setembro de 2019, a comunicación previa presentada por J.S.P., para pintado de fachada en vivenda situada no Río Tambre, parroquia de Rutis (exp. UAU/2019/26).

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data de 17 de setembro de 2019, a comunicación previa presentada por M.C.S.L., para reforma de cuarto de baño, nunha vivenda situada en Rúa Pascual Veiga, parroquia de Rutis, (exp. UAU/2019/29).

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data de 17 de setembro de 2019, a comunicación previa presentada por G.G.G. para reforma de aseos en vivenda situada en pza. da Ría, parroquia de Rutis (exp. UAU/2019/34).

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data de 17 de setembro de 2019, a comunicación previa presentada por M.C.B., para retellado cuberta en vivenda unifamiliar situada en Rúa Cadaval, parroquia de Rutis, (exp. UAU/2019/37).

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data de 17 de setembro de 2019, a comunicación previa presentada por COMUNIDADE PROPIETARIOS URB. CORDEDA, para reparación e pintado fachada no edificio situado en Rúa Condes de Andrade, 6 – 16, parroquia de Rutis (exp. UAU/2019/55)."

2.2.4.- O Sr. Liñares Gestal dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións da Concellería delegada de Medio Ambiente, Obras e Servizos:

“

- Resolución núm. 1361 de data do 05/09/2019, pola que se resolve requirir á D. J. A. V. S. para que no prazo dun mes retire o vehículo coa matrícula C-5981-CF, abandonado na AC-400, xunto á empresa 'Viguetas y bloques Montaña, SL'.

Código do documento	Código do expediente
USG13I011Z	USG/2019/177
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 0400 4A1E 361R 566V 0XWQ	

C.I.F. P-1503100-H

- Resolución núm. 1362 de data do 05/09/2019, pola que se resolve requirir á D. A. V. V. para que no prazo dun mes retire o vehículo coa matrícula C-0094-BP, abandonado na R/. Amparo López Jean, núm. 3.
- Resolución núm. 1387 de data do 12/09/2019, pola que se concede a licenza municipal número 428 de pasaxe permanente á CEFINE NEUROLOGÍA, SL, na Avda. Miguel González Garcés, núm. 17A, cunha reserva de 7,90 ml.
- Resolución núm. 1388 de data do 12/09/2019, pola que se expide a autorización interurbana para exercer o servizo de transporte colectivo urbano co vehículo matrícula 2945KKJ, por solicitude do titular da licenza de taxi núm. 31.
- Resolución núm. 1389 de data do 12/09/2019, pola que se informa favorablemente a autorización interurbana para exercer o servizo de transporte colectivo urbano co vehículo matrícula 5005KZK, por solicitude do titular da licenza de taxi núm. 16.
- Resolución núm. 1390 de data do 12/09/2019, pola que se resolve non dividir en lotes o investimento obxecto do proxecto "Renovación do parque infantil de Peiro – Concello de Culleredo", incluído no POS+ADICIONAL 1/2019, e que ten un importe de 54.471,61 €.
- Resolución núm. 1391 de data do 12/09/2019, pola que se resolve non dividir en lotes o investimento obxecto do proxecto "Parque infantil na área de lecer da Corveira", incluído no POS+ADICIONAL 1/2019, e que ten un importe de 446.812,11 €.
- Resolución núm. 1401 de data do 13/09/2019, pola que se denega o establecemento dunha reserva de praza de aparcadoiro para persoas con mobilidade reducida na R/. Luis Seoane, á altura do número 3, que fora solicitada por D.ª R. T. G.
- Resolución núm. 1402 de data do 13/09/2019, pola que se procede á execución subsidiaria nos terreos situados na referencia catastral 15031A03900190, da limpeza, tala e roza co fin de manter o terreo nas debidas condicións de seguridade e salubridade, así como establecer un presuposto provisional de execución de 1.306,40 €.
- Resolución núm. 1403 de data do 13/09/2019, pola que se rexistra o animal potencialmente perigoso co número 128, que ten o número de microchip 941000023641119, propiedade de D.ª S. Z. S. L.
- Resolución núm. 1404 de data do 13/09/2019, pola que se rexistra o animal potencialmente perigoso co número 129, que ten o número de microchip 941000023641116, propiedade de D. J. V. R. C.
- Resolución núm. 1405 de data do 13/09/2019, pola que se rexistra o animal potencialmente perigoso co número 130, que ten o número de microchip 981098104691568, propiedade de D.ª C. R. V.
- Resolución núm. 1406 de data do 13/09/2019, pola que se informa favorablemente a autorización interurbana para exercer o servizo de transporte colectivo urbano co vehículo matrícula 0323 KVH, por solicitude do titular da licenza de taxi núm. 35.
- Resolución núm. 1407 de data do 13/09/2019, pola que se informa favorablemente a autorización interurbana para exercer o servizo de transporte colectivo urbano co vehículo matrícula 8662 KZV, por solicitude do titular da licenza de taxi núm. 26.
- Resolución núm. 1408 de data do 13/09/2019, pola que se da de alta como condutora asalariada da licenza municipal de taxi núm. 25 á D.ª M. V. S.

Código do documento	Código do expediente
USG13I011Z	USG/2019/177
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
0400 4A1E 361R 566V 0XWQ	

- Resolución núm. 1423 de data do 17/09/2019, pola que se ordena á D. F. B. E., como propietario, a realización nos terreos situados na parcela coa referencia catastral 6240101NH4964S, da limpeza e roza que resultan necesarios para manter o terreo nas debidas condicións de seguridade e salubridade.”

3.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formulan.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as trece horas e cincuenta minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e praxe
A alcaldesa en funcións,
(Asinado dixitalmente)

(Asinado dixitalmente)

C.I.F. P-1503100-H

(Asinado dixitalmente nesta data pola concelleira delegada de Política social, mocidade e promoción do deporte, que actuou como Presidenta nesta acta en calidade de alcaldesa en funcións pola resolución referenciada no encabezamento).